

## HAI ALTERNATIVAS!

- 1. QUE PAGUE MÁIS QUEN MÁIS TEN.** Incrementar a presión fiscal sobre as grandes empresas e patrimonios e persecución da fraude fiscal.
- 2. RESCATAR AS PERSOAS,** incrementando as contías das principais prestacións sociais como as axudas de violencia machista, a RISGA ou o Ingreso Mínimo Vital. Incrementar as pensións e os salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.
- 3. PROMOVER A PAZ** e o fin da guerra na Ucraína poñendo fin á escalada militar a través do diálogo e a apertura de vías diplomáticas, así como freando o gasto en armamento nos Orzamentos xerais do Estado.
- 4. RESTITUCIÓN INMEDIATA DA TARXETA BÁSICA SUPRIMIDA POLO PARTIDO POPULAR NA XUNTA,** como medida de urxencia para a compra de alimentos e produtos básicos para as persoas en risco de exclusión social.
- 5. SUSPENSIÓN DOS DESAFIUZAMENTOS** até o 31/12/2023 (prorrogábel) e prohibición por lei permanente do corte dos subministros de luz, auga e gas.
- 6. LIMITACIÓN DO PREZO DOS ALUGUERES** e das hipotecas en vivenda habitual para os anos 2023 e 2024, así como para os locais comerciais ao 2% anual.
- 7. INTERVENCIÓN PÚBLICA NO SECTOR ELÉCTRICO** para controlar os prezos e recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega que reduza o custe da electricidade para empresas e fogares.
- 8. AXUDAS PARA PEmEs, PERSOAS AUTÓNOMAS E COOPERATIVAS** protexendo o tecido empresarial e produtivo galego, especialmente no sector agro-gandeiro, marítimo-pesqueiro e no comercio de proximidade.
- 9. MEDIDAS TRANSVERSAIS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO** para paliar o impacto sobre as mulleres desta crise.
- 10. IMPULSO DE MEDIDAS PARA FREAR AS CONSECUCIÓNS SOBRE A MOCIDADE,** como a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

### BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo. 15703 Santiago de Compostela, Galiza.  
Teléfono: 981555850. Facebook/Twitter: @obloque. www.bng.gal · sedenacional@bng.gal

FACTURA DA LUZ

ESPOLIO RECURSOS GALEGOS

SUBA DE PREZOS

HIPOTECAS

DEPENDENCIA

COMBUSTÍBEIS

CONTRA A CRISE  
DE PREZOS

## HAI ALTERNATIVAS!



**SEN  
CONTROL  
DOS NOSOS  
RECURSOS**

**+11%**

**INCREMENTO DO  
CUSTE DE VIDA**

**x1,29**

**PREZO DA VIVENDA**

**x2**

**A FACTURA DA LUZ  
DUPLICOUSE NOS  
ÚLTIMOS DOUS ANOS**

**↑600€**

**SUBAS ALUGUEIRO**



## E OS SALARIOS E AS PENSIÓNS?

Hoxe, 1€ vale o 11% menos que hai un ano. Isto supón unha devaluación salarial que afecta máis a quen menos ten, fundamentalmente as clases populares e os colectivos vulnerábeis. Neste sentido, mentres a vida se encarece, os salarios e as pensións galegas, que xa son dos máis baixos do estado, apenas se actualizaron, o que incrementa a desigualdade e o risco de pobreza e exclusión social.

## ...RESTA E SIGUE

En Galiza, o custe da vida incrementouse o 11% desde hai un ano (IPC, agosto de 2022). É a denominada inflación, unha suba desorbitada de prezos que supón o aumento da desigualdade social e o empobrecemento xeneralizado da poboación.

## QUE É O QUE SOBE?

Cos últimos datos oficiais publicados polo INE, produtos básicos como o pan, o leite, a carne, os cereais, o peixe ou as verduras e hortalizas frescas incrementaron o seu prezo o 12,4%, mais tamén o custe da vivenda (+29%) e do transporte (+11%) son hoxe máis caros o que empeora aínda máis as condicións de vida da poboación.

A modo de exemplo, unha hipoteca de tipo variábel como a asinada por tres de cada catro persoas, encareceuse entre 150 e 200 euros ao mes. O prezo do alugueiro aumentou o 25% en apenas cinco anos situándose por riba dos 600 euros en cidades como A Coruña ou Vigo.

A desbocada suba da electricidade provoca incremento noutros moitos produtos e servizos que precisan de enerxía. É insultante que na Galiza, sendo produtora excedentaria de enerxía eléctrica, non teñamos a cambio unha compensación que rebaixe a factura da luz: unha tarifa eléctrica galega.

No que atinxe aos combustíbeis aumentaron moito tamén o seu prezo. Isto supón un grave problema para moitos sectores profesionais e tamén para as persoas, que non poden desprazarse en transporte público dado o deficitario das conexións.

## NON É UNHA CRISE, É UN ROUBO

Nesta crise de prezos hai quen gaña, e moito. Mentres as maiorías sociais nos empobrecemos, as grandes empresas non deixan de ver como os seus beneficios aumentan.

De feito, as empresas do IBEX-35 obtiveron en 2021 uns beneficios récord: 58.000 millóns de euros e só nos primeiros meses de 2022 as grandes eléctricas (Naturgy, Iberdrola e Endesa) gañaron 3.548 millóns de euros.

Tamén os bancos, que non devolveron nin un só euro do rescate bancario, están forrándose nesta crise. En 2021, Santander, BBVA, CaixaBank, Sabadell e Bankinter tiveron 20.000 millóns de euros de beneficios.

A perda de control público sobre sectores chave da economía explica a multiplicación das ganancias destas grandes empresas, mentres as maiorías sociais sofren e pagan os efectos desta crise. Mais pódese actuar: as decisións políticas poden corraxir a suba de prezos.

**58.000.000.000€**

**BENEFICIOS IBEX-35**

**Esta escalada de prezos xeneralizada empobrece Galiza e amosa o prexudicial que é para nós carecer de soberanía e, por tanto, de capacidade para nos defendermos fronte a esta crise.**

A situación é insoportábel e non podemos permitir que Goberno español e Xunta de Galiza sigan paralizados. Desde o BNG temos propostas para **impulsar un cambio estrutural na nosa economía, mais tamén para actuar con urxencia para que, máis unha vez, non pague esta crise quen menos ten.**

**O QUE  
DEFENDE  
O BNG**